



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, PARA A ATENCIÓN DE MENORES NO CENTRO RESIDENCIAL "CIUDAD INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE" EN PONTEVEDRA

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

Reunidos

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 98/2018, do 26 de setembro, do seu nomeamento, o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 117/2016, do 15 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social

E doutra, dona M^a Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do nomeamento efectuado en sesión plenaria constitutiva de data 17 de xullo de 2015, e polas competencias que lle confire o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigos concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

Expoñen

Primeiro

A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos



para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse a Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Segundo

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13.1. b) do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, no Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, na Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección a infancia e a adolescencia.

Terceiro

A Deputación Provincial de Pontevedra, con CIF P-3600000 H e rexistrada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1340, dispón entre os seus recursos asistenciais dun establecemento denominado "Cidade Infantil Príncipe Felipe", sito na Avenida de Montecelo número 12 de Pontevedra, que cumpre coas previsións do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia e conta con permiso de inicio de actividades coa tipoloxía de centro con fogares.

A "Cidade Infantil Príncipe Felipe" conta con dous documentos que son "Proxecto socioeducativo institucional" e o "Regulamento de Organización e funcionamento institucional", este último aprobado polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2018, ambos textos estruturan e organizan os recursos para responder ós obxectivos dos programas que se desenvolven,



establecendo as canles de comunicación, proposta de participación de persoas e as de decisión e coordinación interna e externa.

A Cidade Infantil Príncipe Felipe aglutina as seguintes características:

- Labor prestada polo centro: Asistencia social e educativa

A orixe da “Cidade Infantil Príncipe Felipe” como elemento aglutinante do Fogar Provincial e do Colexio de Sordomudos da Lanzada, anque aparentemente afastada, marca de xeito determinante a natureza e recursos dos que dispón o centro.

A asistencia social é o fundamento da “Cidade Infantil Príncipe Felipe”: a institución ten por obxecto a asistencia ós/ás menores que se atopen nunha situación de desvantaxe social, proporcionando a debida protección ante situacións de necesidades no ámbito económico e emocional.

- Persoal

O equipo humano que atende directamente os/as menores nos centros de acollemento está formado polos seguintes perfís de traballadores: Directores/as de Centro, Educadores/as, Técnicos/as Especialistas en Educación Diurna e Nocturna, Traballadores/as Sociais e Psicólogos.

- Emprazamento e dependencias

A Cidade Infantil Príncipe Felipe está situado xeograficamente no concello de Pontevedra, na parroquia de Mourente, ocupando unha extensión total de 118.460 metros cadrados.

A distribución dos edificios que conforman o complexo é a grandes trazos a seguinte:

- ✓ Edificio 1. Neste edificio comparten espazos o Centro Materno Infantil co Comedor Xeral, ca Unidade da Cociña e coa Unidade de Enfermería que dan servizo a toda a Cidade Infantil Príncipe Felipe.
- ✓ Ademais na terceira planta do Edificio 1. atópanse as unidades de fin de semana do Centro Agarimo e do Centro Escola Fogar.
- ✓ Edificio 2. Neste edificio atópase o Centro Residencia Infanto-Xuvenil Escola Fogar



- ✓ Edificio 3. Neste edificio comparten espazos a Residencia Infanto-Xuvenil Agarimo co Centro de Educación Especial Príncipe Felipe e co CIFP Carlos Oroza.
- ✓ Edificios que prestan servizos transversais: Servizo de Control e Vixilancia, Lavandería, Talleres de Mantemento, Administración e Dirección, Residencia, Instalacións deportivas (pavillón, campo de fútbol, piscinas), Cafetería e Almacén Xeral.
- ✓ Edificios educativos en edificios arquitectonicamente independentes:
 - Escola Infantil que comparte instalacións coa Asociación Alba.
 - CEIP Príncipe Felipe

Neste centro véñense prestando, mediante convenios formalizados entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Xunta de Galicia, servizos a menores en situación de desamparo ou marxinación que, por diferentes causas sociofamiliares e persoais, non poden, aínda que sexa temporalmente, ver cubertas todas as súas necesidades materiais, afectivas, educativas e outras na súa propia familia.



Cuarto

Ambas as dúas partes establecen como obxectivos xerais de atención aos/ás menores, os seguintes:



Mellorar a situación persoal e socio-familiar dos/as menores procurando, en xeral, a reintegración do/da menor na familia de orixe ou, se non é posible o anterior, nunha familia acollidora. De todos os xeitos procurarase que os internamentos duren o menor tempo posible, poñendo ambas as dúas partes os medios necesarios, no ámbito das súas competencias, para acadar o dito obxectivo.

- O ingreso dun/dunha menor, aínda que sexa de modo temporal, só se deberá realizar cando se esgoten todas as posibilidades de mantemento do neno/a na súa familia, a través da utilización doutros recursos preventivos como son as axudas económicas, os apoios ás familias, as achegas escolares, etc.



- Os/as menores acollidos/as no centro serán obxecto dun tratamento individualizado por parte do equipo educativo e dun seguimento evolutivo conforme aos criterios de elaboración das diferentes áreas de actuación referidas no proxecto educativo individualizado do/da menor.
- A utilización ao máximo dos recursos que ofrece a sociedade: escolares, de lecer e calquera outro que contribúa a unha maior integración do/da menor nela.

Ao chegaren as partes a un acordo e recoñecerse mutua capacidade, outorgan o presente convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é o acollemento para atención de menores, tutelados ou en situación de garda por la Xunta de Galicia, na “Cidade Infantil Príncipe Felipe”, establecemento do que é titular a Deputación Provincial de Pontevedra.

De acordo co disposto no artigo 37 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, tamén poderán ser beneficiarios do programa de acollemento residencial as persoas maiores de idade cando fosen obxecto dunha medida de protección antes de acadar a condición referida.

Enténdese por acollemento residencial a forma de exercicio da garda dunha persoa menor consistente no seu aloxamento nun centro, co obxecto de recibir a atención, a educación e a formación axeitadas e coa finalidade de promover o seu desenvolvemento global normalizador e a súa integración na comunidade; como forma de exercicio da garda, comporta para quen a exerce as obrigas de velar, ter na súa compañía, alimentar, educar e procurar unha formación integral á persoa menor acollida.

Enténdese por atención de día a medida de apoio á familia a través da que se dá cobertura ás necesidades do neno, nena ou adolescente e se promove a mellora do seu medio familiar co fin de preservar a



convivencia e evitar a separación deste. Esta medida levarase a cabo na modalidade de atención de día integral.

Segunda. Equipamento e recursos materiais

A Cidade Infantil Príncipe Felipe está formada por un conxunto de módulos ou unidades de convivencia. Ten, entre os seus recursos, os seguintes tres centros destinados ao acollemento e a atención de día de menores:

- Centro Infantil con capacidade para 30 prazas residenciais e 80 prazas de día.
- Centro Infanto Xuvenil "Escola Fogar" con capacidade para 40 prazas residenciais e 25 prazas de atención de día.
- Centro Infanto Xuvenil "Agarimo" cunha capacidade para 40 prazas residenciais e 25 prazas de atención de día.

Terceira. Distribución das prazas e beneficiarios



A Deputación Provincial de Pontevedra, para a aplicación deste convenio no equipamento citado, ofrécelle á Consellería de Política Social, que acepta, ata un máximo de 89 prazas das que 65 son en réxime de acollemento residencial e 24 son en réxime de atención de día.

Os usuarios destas prazas distribúense do seguinte xeito:

- 
- a) Réxime de acollemento residencial: 15 prazas para menores de 0 ata cumprir 8 anos
 - b) Réxime de acollemento residencial: 50 prazas para menores de 8 anos ata cumprir 18 anos
 - c) Réxime de atención de día: 24 prazas para menores en réxime de atención de día.

Así mesmo, o equipamento citado cumpre os principios e requisitos establecidos no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.



Cuarta. Compromisos da Deputación Provincial de Pontevedra

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a:

1. Ofrecer aos/ás menores residentes no equipamento citado unha atención que abranguerá as ordes educativa, formativa, de coidado e atención, que permitan o desenvolvemento da súa personalidade individual, velando pola súa educación integral, saúde física e psíquica e desenvolvemento harmónico da súa personalidade, todo isto nun ambiente normalizado. En todo caso, a referida atención terá carácter permanente e prestarase de forma ininterrompida durante todo o ano.
2. Aplicar os protocolos de funcionamento dos centros de protección de menores vixentes dende setembro de 2016, e cumprir cantas disposicións sobre protección de menores dite a Xunta de Galicia e os seus órganos competentes no exercicio das súas atribucións.
3. De acordo co Decreto 192/2015, do 29 de outubro polo que se define a carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, de cara a facer efectivo o disposto nos puntos anteriores, os servizos de atención aos/ás menores beneficiarios/as concrétase no seguinte:

Servizo de atención residencial en réxime de internado

- a) Aloxamento diúrno e nocturno en instalacións adecuadas.
- b) Alimentación: almorzos, xantares, merendas e ceas.
- c) Atención durante todo o ano incluíndo fins de semana e vacacións.
- d) Horario continuado as 24 horas do día.
- e) Apoio psicosocial e educativo e seguimento escolar, incluíndo matrículas e material educativo e didáctico.
- f) Hixiene e educación nos hábitos da saúde, incluíndo os útiles de aseo persoal.
- g) Roupas e calzado e equipamento en xeral.
- h) Animación planificada do tempo libre e os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- i) Formación nas habilidades sociais básicas.
- j) Colaboración no apoio e orientación ás familias dos/as menores.





Servizo de atención de día integral

- a) Aloxamento diúrno en instalacións adecuadas.
- b) Atención en unidades de funcionamento autónomo que contén polo menos coa presenza dun educador por unidade.
- c) Atención durante todo o ano incluíndo fins de semana e vacacións.
- d) Horario de atención de 8 da mañá a 8 da tarde.
- e) Alimentación: almorzos, xantares, merendas e ceas.
- f) Hixiene e educación nos hábitos de saúde, incluíndo os útiles de aseo persoal.
- g) Apoio e seguimento escolar, incluíndo materiais educativos e didácticos.
- h) Animación planificada do tempo libre e os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- i) Financiamento do transporte cos recursos cos que conta o centro.
- j) Roupas e calzado.
- k) Servizos de titorías: orientación psico-educativa.
- l) Servizo médico-pediátrico cos recursos cos que conta o centro.
- m) Traballo coas familias no centro: apoio e seguimento psicosocial para acadar a súa autonomía na crianza dos/as nenos/as.

4. Asumir, sobre os menores ingresados, as funcións inherentes á garda segundo a normativa vixente.

5. Asumir a dirección técnico-educativa e o réxime interior así como a organización de persoal.

6. Dispoñer no centro dun libro de rexistro de usuarios e un libro de reclamacións a disposición deles.

Ter subscrita unha póliza de seguro de responsabilidade civil que garanta a cobertura das indemnizacións as persoas usuarias e sinistros do edificio.

8. Facilitar as tarefas de inspección por parte da Consellería de Política Social e os seus órganos dependentes para comprobar o bo funcionamento e o cumprimento das obrigas contraídas. Así mesmo, poderase solicitar a comparecencia dos directivos da entidade e dos/as beneficiarios/as.



9. Facilitar, en calquera momento e a petición da Consellería, información sobre a evolución da situación dos/as menores ao seu cargo. Así mesmo, proporcionará a información estatística que lle sexa requirida.
10. Fomentar a formación e a reciclaxe do persoal especializado na atención do/a menor.
11. Gardar absoluta reserva sobre os expedientes dos/as menores atendidos, non podendo facilitar nin revelar datos referidos aos/ás menores ou ás súas familias sen autorización da Xefatura Territorial, a excepción dos contidos dos informes que se remitan a Fiscalía de Menores, en cumprimento das obrigas legais.
12. Executar o Plan individual de intervención que se elabora para cada menor.
13. Remitir ao departamento territorial o Proxecto Educativo Individual (PEI) a desenvolver co/a neno/a transcorridos 45 días no caso de ingresos ordinarios e 30 días no caso de ingresos urxentes a contar dende a data de ingreso. A periodicidade dos informes educativos de Evolución será trimestral para menores de 0-3 anos e semestral para menores de máis de 3 anos.
14. Orientar, promover e fomentar a inserción socio-laboral entre os/as menores tutelados/as ou en garda de máis de 16 anos que nun futuro, acadada a maioría de idade, facilite e posibilite a súa propia subsistencia e competencia profesional.

Quinta. Compromisos da Consellería de Política Social

1. Ditar, a través das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social, os acordos de internamento das persoas menores por proposta do Equipo Técnico do Menor (ETM), e en concordancia co disposto pola "Comisión de avaliación", nos termos previstos na cláusula décimo primeira do presente convenio. Ademais deberá ter en conta as necesidades do/da menor e as características das prazas convidadas descritas na cláusula terceira.

En casos excepcionais derivados de circunstancias socio-familiares graves que requiran dun internamento inmediato do/da menor por parte da xefatura territorial, poderá ditarse acordo de internamento con carácter de urxencia efectuándose a posteriori todos os trámites previstos no relativo ó funcionamento da "Comisión de avaliación".



2. Ditar, a través da xefatura territorial correspondente, a medida de desinstitucionalización, por proposta do ETM, que oirá previamente á entidade acerca da conveniencia desta medida. Esta resolución fundamentarase na superación das causas que motivaron o ingreso ou que as súas circunstancias persoais así o aconsellen.
3. Aplicar os protocolos de funcionamento dos centros de protección de menores.
4. Dar preferencia aos/ás menores ingresados para participar naquelas actividades normalizadas de carácter cultural, de ocio e tempo libre que poidan ser realizadas pola consellería.
5. Apoiar a formación permanente do persoal educativo.
6. Informar á entidade das variacións producidas no ámbito familiar do/a neno/a e no plan de intervención familiar acordado.
7. Manter reunións de seguimento de casos, polo menos, con frecuencia trimestral.
8. Colaborar estreitamente coa Deputación Provincial de Pontevedra na garantía do dereito á saúde do persoal traballador naqueles casos de agresión de menores, adoptando as medidas propostas a este respecto pola Comisión de Avaliación e abordando con carácter inmediato a solución de actos violentos.

Sexta. Orzamento

O custo do convenio impútase en virtude do disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando sometida a súa execución á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente.

A contía máxima deste convenio será de 782.303,00 € por ano completo de servizo, prorrateándose en función da data de inicio e/ou fin da vixencia do convenio.

Este importe correspóndese co importe de 24,08 € por menor e día. A Xunta de Galicia retribuirá con ese importe a ocupación real do centro. Respecto das prazas totais previstas neste convenio e non ocupadas, ata un máximo de 89, serán retribuídas no 80% dese importe de praza e día.





As compensacións serán satisfeitas mensualmente conforme ás liquidacións presentadas pola Deputación Provincial de Pontevedra, nas que constará os menores en acollemento neste centro coa data de alta e baixa nese recurso.

O importe será satisfeito por mensualidades vencidas na conta de ABANCA núm. ES17 2080-5401-5731-1010-6612 da rúa Augusto González Besada de Pontevedra. Para estes efectos, a entidade presentará a documentación xustificativa así como a factura ou documento equivalente dentro dos quince días seguintes ao mes de vencemento no departamento competente da xefatura territorial que corresponda, que procederá posteriormente e con carácter inmediato a tramitala.

A Consellería de Política Social asumirá, previos os trámites oportunos, os gastos dos/das menores cuxa contía exceda os 60 € e cando estes sexan basicamente necesarios para o desenvolvemento integral do/a menor, cuestión a apreciar pola Consellería. No que se refire os tratamentos especiais (Gafas, proteses auditivas, etc.) comprobarase previamente que os mesmos non estean contemplados pola Seguridade Social.



O custo deste convenio imputarase con cargo á partida orzamentaria 13.02.312B.228, na que se prevé que exista crédito axeitado e suficiente para a súa execución, de acordo co proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de data 19 de outubro de 2017.

- De conformidade co previsto na disposición adicional segunda da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 en relación co artigo 57 bis da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, sobre garantía de pagamento, a Consellería de Política Social en garantía do pago dos compromisos asumidos neste convenio, autoriza á Administración Xeral do Estado a aplicar retencións nas transferencias que lle correspondan a Comunidade Autónoma de Galicia no seu sistema de financiamento, no caso de falta de pagamento por parte da consellería por causa imputable á mesma.

A Deputación Provincial de Pontevedra poderá, a partir dos tres meses seguintes á expedición de cada notificación dos cargos correspondentes aos servizos prestados en relación a este convenio, presentar reclamación no caso de incumprimento total ou parcial do





pagamento correspondente por parte da consellería, podendo, así mesmo comunicar á Administración Xeral do Estado o dito incumprimento a partir do cuarto mes.

Sétima. Cobertura sanitaria das persoas usuarias acollidas

No caso de asistencia sanitaria, se estará ó disposto no Real Decreto 1192/2012, do 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario a efectos da asistencia sanitaria en España. Todos os/as menores teñen dereito á cobertura sanitaria da Seguridade Social para o cal haberá que efectuar as xestións oportunas por parte das xefaturas territoriais da consellería para que todo neno e nena estea incluído nunha cartilla sanitaria.

Para aqueles casos non incluídos no parágrafo anterior, a consellería, coa colaboración da entidade, xestionará a cobertura de asistencia sanitaria coa Seguridade Social ou entidades de dereito público ou privado.

Oitava. Relacións laborais do persoal que preste o servizo



O persoal que a Deputación Provincial de Pontevedra poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social, debendo ser a Deputación Provincial de Pontevedra a que imparta as oportunas ordes aos seus traballadores e ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes á súa condición de empregador.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

Novena. Protección de datos e confidencialidade



As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos personais e garantía dos dereitos



dixitais e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas do convenio e na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A Deputación Provincial de Pontevedra tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, a publicidade dos datos identificativos das persoas interesadas estará suxeita ao cumprimento da normativa de transparencia a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décima. “Comisión de seguimento, vixilancia e control” da execución do convenio

Obxecto:



De acordo coa Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público e da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, constitúese unha comisión mixta de seguimento á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non contempladas nel e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Composición:

- A Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra ou persoa en quen delegue e, no seu caso, a respectiva suplente, designada pola presidenta.
- A Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que poderá delegar na subdirectora xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia e, no seu caso, a respectiva suplente, designada pola directora xeral.
- O coordinador xeral da Cidade Infantil Príncipe Felipe
- A xefa do Servizo de Protección de Menores
- Actuará como secretario/a, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Periodicidade:

A Comisión reunirase semestralmente ou en calquera momento a petición de calquera das partes asinantes. Unha vez solicitada a convocatoria por calquera das partes, o prazo máximo para levar a cabo esta reunión será de 10 días.

Décimo primeira. Comisión de avaliación

Obxecto

A Deputación Provincial de Pontevedra constituirá una comisión de avaliación que valore e realice propostas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica en canto a ingresos, baixas e incidencias producidas no centro.

Composición

A dita comisión estará composta por 3 técnicos de cada unha das administracións asinantes.

Periodicidade



Esta comisión reunirse cada vez que sexa convocada por calquera das dúas Administracións.

A convocatoria poderá realizarse por calquera das partes asinantes. O prazo máximo para a realización destas sesións será de 10 días contados a partir do día seguinte da notificación da convocatoria.

Competencias

1. Análise e valoración do plan de caso do/da menor, sempre previos ao seu ingreso aos efectos de planificar actividades, destinar unidades, etc. Desta valoración darase traslado ao Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xefatura Territorial de Vigo, que, unha vez examinado, determinará as decisións que correspondan.
2. Valoración dos ingresos nos centros Escola Fogar, Agarimo e Centro Infantil
3. Avaliación continua dos usuarios residentes no centro e proposta das medidas máis adecuadas ante situacións de especial transcendencia para o desenvolvemento normal da convivencia en particular e do servizo en xeral, tales como:
 - Menores con problemas de conduta e/ou inadaptación que alteren o normal desenvolvemento da convivencia diaria e protección do resto de usuarios residentes do centro.
 - Menores que estean baixo tratamento derivado de problemas psiquiátricos que poidan derivar en conflitos graves co resto de residentes.
 - Menores con problemas de adición a estupefacientes.



No proceso de derivación de menores á Cidade Infantil Príncipe Felipe, observarase rigorosamente que o perfil do/a menor responda ás características de idoneidade do centro para a súa atención, tendo presente a adecuación á tipoloxía do centro e as características do persoal, así como a garantía do dereito de este a súa saúde.

No seno da “Comisión de Valoración” no caso de discordancia entre o equipo técnico da Consellería e o equipo Técnico da Deputación Provincial de Pontevedra, a proposta que prevalecerá,



e que polo tanto se porá en coñecemento do Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xefatura Territorial de Vigo, será a do equipo Técnico da Deputación Provincial de Pontevedra. Esta prevalenza do equipo técnico da Deputación Provincial de Pontevedra afectará aos seguintes casos:

- a) A valoración de novos ingresos
- b) Avaliación de menores ingresados con proposta de cambio de centro, incluídos os ingresos de urxencia e os ingresos de MENA.

No caso do apartado a), a discordancia do equipo técnico de Deputación Provincial de Pontevedra dará como resultado o non ingreso do/a menor na Cidade Infantil Príncipe Felipe.

No caso do apartado b), a discordancia do equipo técnico da Deputación Provincial de Pontevedra respecto da continuidade da menor na Cidade Infantil Príncipe Felipe terá como consecuencia o seu traslado a outro centro no prazo de 40 días, excepcionalmente este prazo poderá ampliarse por acordo das partes tendo en conta o interés superior do menor.

A Comisión de Avaliación dará traslado do informe/proposta ao Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xefatura Territorial de Vigo o cal deberá adoptar a medida proposta nun prazo máximo de 7 días, comunicando a mesma por escrito a Dirección xerente da Cidade Infantil Príncipe Felipe.

En caso de incumprimento do recollido nos parágrafos anteriores, dita circunstancia suporá o bloqueo de novos ingresos na Cidade Infantil Príncipe Felipe.

Cando a proposta se refira a un traslado de centro, deberá xustificarse adecuadamente o traballo levado a cabo co menor desde o seu ingreso en función do seu Proxecto Educativo Individual, especialmente o referido ao tempo transcorrido desde o último informe de seguimento, así como as causas polas que non é posible acadar desde o centro os obxectivos fixados naquel.

Décimo segunda. Vixencia

O presente convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro do 2019.



Poderá prorrogarse por acordo expreso das partes por periodos sucesivos non superior cada un deles a un ano ata un límite de catro anos, todo isto condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes.

Décimo terceira. Causas de resolución

Son causas de resolución do convenio as seguintes:

- O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen o consentimento de ambas as dúas partes.

Neste caso, será comunicada á parte incumpridora un requirimento previo a fin de que sexan cumpridas as ditas obrigas ou compromisos. Do requirimento darase traslado á Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control prevista na cláusula décima. Se Transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento entenderase resolto o convenio.

- O mutuo acordo das partes.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Décimo cuarta. Natureza xurídica e cuestións litixiosas

O presente convenio ten carácter administrativo, e réxese polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.

Así mesmo, estarase ao disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e de conformidade coa normativa de contratos do sector público e de acordo coa Lei 40/2015 do 1 de outubro.

Mediante a sinatura deste convenio as partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

As cuestións litixiosas xurdidas que poidan xurdir entre as partes durante o desenvolvemento e a execución deste convenio e que non



poidan ser resoltas pola “Comisión de seguimento, vixilancia e control” da execución do convenio prevista na cláusula décima, serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en caso contrario someterase á xurisdición contencioso-administrativa de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa

Décimo quinta. Remisión do convenio ao Tribunal de Contas

Unha vez concluído o exercicio correspondente procederase á remisión do presente Convenio ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, de acordo co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Décimo sexta. Publicidade



De acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio será obxecto de difusión no Diario Oficial de Galicia e a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo, a Deputación Provincial de Pontevedra presta o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos relevantes referido ao convenio asinado no rexistro público de convenios creado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto

Décimo sétima. Modificacións

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, previos os informes preceptivos xurídicos e de fiscalización.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL



Ámbalas dúas partes, en proba de conformidade acordan asinar por triplicado exemplar o presente convenio, do que se fai entrega dun, a cada unha delas.

Pola Consellería de Política Social

A conselleira

Fabiola García Martínez



Pola Deputación Provincial de Pontevedra

A presidenta

M^a Carmen Silva Rego